

Valentín Pelisch. Arxentina, 1983

A súa obra explora a materia escénica, visual e sonora da música de cámara. A súa produción artística inclúe obras para ensamble, instrumentos sós, música escénica, vídeo, instalacións audiovisuais e música para cinema. Diferentes ensambles e *performers* presentaron as súas obras en espazos de América, Europa e Asia

En 2015 foi compositor residente de KulturKontakt (Austria), compositor convidado do Festival Internacional MusicArte 2015, en Panamá, e compositor residente da plataforma internacional para a creación en teatro musical auspiciada polo Goethe Institut, de Buenos Aires, e a Bienal de Múnic. En 2017 participou como compositor residente da 7th International Young Composers Academy, da Cidade Tchaikovsky, en Rusia. En 2018 a súa música está a ser programada en festivais e teatros de Estados Unidos, Rusia, Austria, España e Arxentina. Estudou composición con Gerardo Gandini e Marcelo Delgado en Bos Aires, onde tamén cursou a Licenciatura en composición con medios electroacústicos da Universidade Nacional de Quilmes. Integrou tamén distintos cursos, residencias, seminarios e obradoiros con diversos compositores, ensambles e artistas. Vive e traballa en Bos Aires.

Leonardo Idrobo. Colombia, 1977

Estuda na Universidade Nacional de Colombia con Roberto García, Horacio Lapidus, Hegberto Bermúdez, Ángela Rodríguez e Blas E. Atehortúa, entre outros.

Entre 1998 e 2000 recibe ocasionalmente clases de análise e composición con Rodolfo Acosta R., que marca a súa forma de concibir a música.

A finais de 1998, sen finalizar os estudos, e tras fracasar no intento de se adaptar á academia, decide abandonar a universidade, para se dedicar á composición a tempo completo.

En 2001, tras estar máis de dous anos escribindo e experimentando pola súa conta, reinicia os estudos en composición na Escola Superior de Música de Basilea, Suíza, con Detlev Müller-Siemens e Erik Oña, xunto a Dorothe Schubarth, Roland Moser, Hanspeter Aeschlimann, Markus Jans, Hans Saner e Jakob Ullmann.

Participa en diferentes cursos, obradoiros e seminarios en Colombia, España, Hungría, Alemaña e Suíza, e clases maxistras de composición con Coriun Aharonian, Graciela Paraskevaidis, Beat Furrer, Michael Jarrell, Jonathan Harvey, Marco Stroppa, Klaus Huber, Mark Andre, Brice Pauset e Helmut Lachenmann.

A súa música foi interpretada en América, Europa e Estados Unidos, por *ensembles* como Tambuco, Ensemble Phoenix Basel, Ensemble CG, Ensemble Proton Bern, Eunoia Quintet, Ensemble Aventure, Geneva Camerata, Ensemble L'itinéraire, Ensemble Le Balcon e a Orquestra Sinfónica de Basilea.

VERTIXE SONORA

Pablo Coello *saxofón* / Thomas Piel *violonchelo* / David Durán *piano* / Diego Ventoso *percusión* / Ángel Fardalo *difusión multimedia* // Pablo Coello *dirección musical* / Ramón Souto *dirección artística*

CGAC | 23 ANIVERSARIO
CENTRO GALEGO
DE ARTE
CONTEMPORÁNEA

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E ACTIVIDADES

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela, Tel.: 981 546 602 / cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal

XUNTA
DE GALICIA galicia

prohelvetia

vertixe sonora
ensamblado

MÚSICA E ARTE. CORRESPONDENCIAS SONORAS

CICLO DE CONCERTOS

Centro Galego de Arte Contemporánea

Martes, 19 de xuño de 2018

12:00-13:00 h

Concerto didáctico aberto para centros escolares

20:00-20:15 h

Presentación co alumnado dos conservatorios e escolas de música

20:30 h

O PALACIO DAS TRES HISTORIAS

Concerto sobre o artista Carlos Garaicoa

Hache Costa *Passato, Presente, Futurismo** (2018)
saxofón, violonchelo, piano, percusión e electrónica

Jacques Zafra *Einmal ist Einmal** (2018)
saxofón, violonchelo, piano e 3 pistas de audio

Valentín Pelisch *Editor's Cut - 4 Weak Receptions from a Dying TV
#3 Lxs Anarquistas, Santiago de Compostela** (2018)
saxofón, violonchelo, percusión, soundtrack e vídeo

Leonardo Idrobo *Wood Table Stainless Steel*** (2018)
saxofón, violonchelo, piano, percusión e electrónica

*Estrea absoluta. Encomenda de Vertixe Sonora

**Estrea absoluta. Encomenda de Vertixe Sonora. Co apoio do Swiss Arts Council Pro Helvetia

AS OBRAS

Passato, Presente, Futurismo

A partir da reflexión verbo do auxe do fascismo e o seu control da información como canle para exercer a violencia institucional, *Passato, Presente, Futurismo* estrutúrase consonte o que Claudia Gioia definiu como "a parábola do século XX: do desenvolvemento e a aceleración á submisión e á privatización, ata chegar á transformación actual". Así, a través de numerosos elementos tomados da obra de Carlos Garaicoa, as relacións establecidas entre a arte, o poder e o individuo establecen aquí unha dialéctica violenta, na que os medios de información transforman paulatinamente a conciencia dunha sociedade que asume paso a paso o discurso oficial do *Stato*: esta *città add[ri]mentata* que se atopa placidamente durmida no soño inxenuo do Romanticismo, e que se ve progresivamente deformada ata o absurdo por medio da imposición da mensaxe da elite política, destinada sempre á conservación dos seus propios privilexios. Tendo en conta que

os soños da sociedade civil son aniquilados mediante o ruído e a interferencia comunicativa, o individuo toma consciencia momentánea diso e procede á rebelión seguindo, con todo, uns patróns comúns, repetitivos, predicibles e facilmente controlables: como un sinxelo siloxismo, onde <A> implica ; onde <Protesta> implica <Violencia> [xa sexa violencia informativa, física ou lexislativa]. Os suxeitos do presente *città se sveglia* convértense nos seus propios verdugos. Unha vez dominada ideoloxicamente, e xa aplacado calquera intento de rebelión, a *città morta* só alcanza a entretecer unha carreira pola supervivencia, na que aquel futurismo de principios do século XX, o mesmo que propugnaba a superioridade do ruído, do movemento atroz, da cidade industrial, é visto como o único futuro posible.

Hache Costa

Einmal ist Einmal

Esta obra foi escrita especialmente para o ensemble Vertixe Sonora. Para a súa composición utilicei como inspiración a obra *Trottola*, do artista Carlos Garaicoa. Convido a quen escoita a que faga calquera asociación co que percibe na peza e o que ve na obra *Trottola*.

Jacques Zafra

Editor's Cut - 4 Weak Receptions from a Dying TV #3 Lxs Anarquistas, Santiago de Compostela

Esta obra é a terceira dunha serie de catro pezas. A característica en común destas pezas é que comparten entre si unha idea de orixe, un proceso creativo particular e certo comportamento na escena. Malia que, sen ningunha intención narrativa ou documental, cada unha das obras propón unha situación sonora e visual onde paira un rastro case fantasmal de diferentes personaxes. As catro pezas toman como título o nome destes personaxes e da cidade que dará lugar á súa estrea (Los Angeles, Moscova, Santiago de Compostela e Bos Aires). Cada peza preséntase como unha colección imprecisa de diferentes momentos difusos, que parecen xurdir dunha vella TV con moi mala recepción. Case como a exhibición dun aparello obsoleto, posuído por unha pantasma, ou a recepción dun débil sinal cheo de información sen moito sentido. Neste caso parece ser que os sinais recibidos viran ao redor do anarquismo.

Valentín Pelisch

Wood Table Stainless Steel

Inspirada na escultura de Garaicoa *The Roots of the World*, 2016 (wood table, laser cut stainless steel and knives handles table: 90 x 50 x 160 cm), esta obra preséntase no ciclo Música e Arte, Correspondencias Sonoras, grazas á colaboración do Swiss Arts Council Pro Helvetia

OS COMPOSITORES

Hache Costa. España, 1980

Compositor nado en Noia, A Coruña, coñecido como Hachè Costa ou Borja Costa. Posuidor de estudos parciais en Filoloxía e Filosofía, formouse principalmente en Composición con José Ramón García Vázquez, Guitarra Clásica con Ignacio Gea e Alirio Camacaro, Guitarra Moderna e Improvisación con Carlos Belo e Andrés Rivas, e especializouse en Film Scoring da man de José Nieto, Eva Gancedo ou Alberto Iglesias.

Interesado na investigación de relacións multidisciplinares, especialmente nos campos da fonética e da lingüística, realiza estreas como *Música para un aullido*, en colaboración cos

escritores Manuel Rivas, Xoán Abeleira ou Fran Alonso, sobre a obra poética de Allen Ginsberg, ou breves pezas de experimentación vocal como *Sappho* ou *Portrait of: for Solo Voice*.

Entre a súa produción de música para audiovisual destacan as colaboracións co afamado xornalista Fernando Olmeda en títulos de repercusión cultural como *Imprescindibles: Josep Plá* (RTVE), *El viaje de Carla* (OLMEDANI) ou o documental de referencia *Rafael Azcona* (RTVE); ten outros traballos recoñecidos, como a orquestración da música para as longametraxes *Campeones* (2018) e *Camino* (2011), de Javier Fesser (7 premios Goya da Academia de Artes y Ciencias Cinematográficas de España).

No eido da Música Contemporánea, nos últimos anos estreou diversas obras para coro, como *Second Fuxa on a Theme by Mark Rothko*, *Lux Aeterna* ou *Secondo Pater Noster* (Montreal, Canadá), así como obras electroacústicas como *A Pollock Review* (Baltimore County - Maryland, EUA) ou partituras camerísticas como *Foxe de Uma Nota Só* (São Paulo, Brasil), *On Cuba* (Barcelona, España) ou *Anima for Solo Guitar* (Cidade de Faro, Portugal), mentres que ata 2015 exerceu de director artístico para o selo discográfico The LOW WHISTLE Records, para o que produciu máis de trinta rexistros fonográficos diferentes de diversos xéneros musicais, aínda que centrado especialmente nas gravacións de repertorio clásico do talle de compositores como Isaac Albéniz, Benjamin Britten ou Heitor Villa-Lobos, e cuxo rexistro máis sobranceiro é a primeira edición íntegra das dúas versións existentes da partitura *Rimas de Bécquer* na súa dobre versión de canto e recitador con piano.

En 2017 resultou premiado co Miami GUITArt Composition Prize, da Universidade de Florida, así como seleccionado pola Universidade Estadual do Paraná como compositor residente do proxecto Música Nova, mentres que en 2018 é o compositor residente español do proxecto turco-italo-español ERASMUS *Music for Peace*. Entre as súas próximas estreas atópanse as obras *The White Book of TAROT* (Rostov-on-Don, Rusia, xuño 2018, con iNEnsemble), *ASTRAL for Solo Harp* (Kentucky, EUA, setembro 2018, con Joseph Rebman) e *Songs Not from East & West* (Madrid, xaneiro 2019, con Kayoko Morimoto e Andrés Gomis), así como diferentes pezas de videoarte, como *Lux Aeterna* ou *Passaggio 3*.

Jacques Zafra. México, 1986

En setembro de 2018 comezará un doutoramento en composición na universidade UCSD en San Diego, California. Do 2013 ao 2018 estudou un mestrado e o Meisterklasse en composición na Escola Superior de Música de Leipzig, Alemaña, con Claus-Steffen Mahnkopf. Do 2007 ao 2012 estudou as licenciaturas de Composición e Teoría Musical no Centro de Investigacións e Estudos da Música (CIEM) en México, con Víctor Rasgado e Enrico Chapela.

É fundador da canle de YouTube, onde se publican principalmente videopartituras de compositores mexicanos. Así mesmo é membro fundador e codirector artístico do ensamble de Leipzig.

A súa música foi interpretada en México, Suíza, a República Checa, Portugal, Estados Unidos e Alemaña, en festivais como o de Darmstadt, o de Witten, Tonlagen e o FIMNME, e foi radiodifundida en México, Alemaña, Hungría, Croacia e Suíza.

A súa peza para frauta alto de pico gañou o segundo premio no concurso en Lausana, Suíza.

A súa obra *Xochitepec desde mi cuarto* foi elixida para representar a México na Tribuna Internacional de Compositores da UNESCO, en Suecia, en 2012. Recibiu bolsas do goberno mexicano e o FONCA, como a de Estudos no Estranxeiro e Mozos Creadores. Por parte do goberno alemán recibiu a Deutschlandstipendium.